


M05_10. Muro de madeira contralaminada illado polo exterior.

1-Descripción do cerramento.

Cerramento vertical, composto por un taboleiro de madeira contralaminada, illado exteriormente con 10 cm de pranchas de cortiza natural revestida con morteiro de cal polo exterior, e reforzado interiormente cun panel de cartón-xeso sobre armazón de madeira.

Definición dos materiais.

- Capa 1: Revestimento de morteiro de cal aéreo de 1'5 cm de espesor.
 Capa 2: Pranchas de illamento de cortiza natural de 10 cm de espesor
 Capa 3: Taboleiro de madeira contralaminada de 10 cm de espesor
 Capa 4: Cámara de aire de 3 cm de espesor
 Capa 5: Panel de cartón-xeso de 13 mm sobre armazón de madeira 3 x 3



Características dos materiais empregados

Capas	Espesor (m)	Conductividade térmica λ (W/m ² C)	Resistencia térmica R (m ² C/W)	Densidade ρ (kg/m ³)	Calor específica Ce (J/Kg°C)	Factor de resistencia ao vapor de auga μ	Peso (kg /m ²)	Espesor equivalente Sd (m)
Capa 1	0,03	0,50	0,00	1.600,00	1.080,00	6,00	48,00	0,18
Capa 2	0,10	0,05	0,00	180,00	1.880,00	1,00	18,00	0,10
Capa 3	0,10	0,15	0,00	480,00	1.600,00	20,00	48,00	2,00
Capa 4	0,03	0,19	0,16	1,29	1.004,00	1,00	0,04	0,03
Capa 5	0,01	0,32	0,00	1.150,00	1.100,00	13,00	14,95	0,17
TOTAL	0,27			472,49			128,99	2,48

2. -Parámetros globais do cerramento

Espesor: d	0,27 m
Peso: P	128,99 kg
Coefficiente de transmisión térmica: U	0,31 W/m ² °C
Desfase térmico: t	7,16 h
Amortecemento térmico	0,85 %
Espesor de aire equivalente: Sd	2,48 m
Capacidade de acumulación de calor	178,96 KJ/m ² °C
Illamento acústico: RA	40,04 dBA
Demanda de enerxía	690,74 MJ/m ²
Emisións de CO ₂	-70,74 kg/m ²

3-Prestacións, condicións de uso e recomendacións.

Trátase dun cerramento de madeira contralaminada, que ten a vantaxe de servir tamén como estrutura da edificación.

Ao estar illado polo exterior non presenta ningún problema de condensación.

Debe colocarse sobre unha lamina que impida o paso da humidade dende o terreo para evitar a súa deterioración.

Presenta unhas condicións de illamento térmico é suficiente para unhas condicións de confort e para cumprir as esixencias o CTE.